ASINADO POR: DIRECTOR DE RÉXIME INTERIOR - ZOO - ( FERNANDO CARBALLO VILLAR ) 06/07/2022 09:27:07 | CONCELLEIRA MEDIO AMBIENTE - ( NURIA RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ ) 06/07/2022 10:04:11

Documento asinado

# MEMORIA ECONÓMICA PARA A CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DE PRODUTOS DE FERRAXERÍA, FONTANERÍA, FECHADURAS, FERRAMENTAS, PEQUENAS MÁQUINAS E SIMILARES PARA O CONCELLO DE VIGO – CONCELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E VIDA SAÚDABLE.

## 1. OBXECTO

O obxecto do contrato é o establecemento das condicións que han de rexer na SUBMINISTRACIÓN DE PRODUTOS DE FERRAXERÍA, FONTANERÍA, FECHADURAS, FERRAMENTAS, PEQUENAS MÁQUINAS E SIMILARES PARA O CONCELLO DE VIGO – CONCELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E VIDA SAÚDABLE.

## 2. PREZO DO CONTRATO

O prezo do contrato é o importe máximo que se abonará ao contratista.

Atende a valor de mercado e xustifícase que é adecuado para o cumprimento do contrato.

O prezo do contrato resultante, para os **DOUS anos** de duración é o seguinte:

**52.994,96 € co IVE incluído** (43.797,49 € sen IVE + 9.197,47 correspondente de IVE)

<u>ANUALIDADES</u>

A data de inicio estimada do contrato é a do 1 de setembro de 2022 e o prazo do contrato é de 2 anos cunha posibilidade de prórroga de dous anos máis, polo tanto e tendo en conta o orzamento base de licitación as anualidades, por partidas orzamentarias, resultantes son as seguintes:

VIGOZOO (337.1. 221.99.01)

| | Importe | IVE | Total |
|---|---|---|---|
| 2022 | 4.958,68 € | 1.041,32 € | 6.000,00 € |
| 2023 | 9.917,36 € | 2.082,64 € | 12.000,00 € |
| 2024 | 4.958,68 € | 1.041,32 € | 6.000,00 € |

MEDIO AMBIENTE (172.1.221.99.00 " Outras subministracións": 8.500,00 €)

| | Importe | IVE | Total |
|---|---|---|---|
| 2022 | 3.512,40 € | 737,60 € | 4.250,00 € |
| 2023 | 7.024,79 € | 1.475,21 € | 8.500,00 € |


Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

| | | | |
|---|---|---|---|
| 2024 | 3.512,40 € | 737,60 € | 4.250,00 € |

LABORATORIO (311.0.221.99.00 " Outras subministracións")

| | Importe | IVE | Total |
|---|---|---|---|
| 2022 | 2.478,30 € | 520,44 € | 2.998,74 € |
| 2023 | 4.956,60 € | 1.040,88 € | 5.997,48 € |
| 2024 | 2.478,30 € | 520,44 € | 2.998,74 € |

## 3. VALOR ESTIMADO DO CONTRATO

Para o cálculo do valor estimado sumaremos ao prezo do contrato sen IVE, a posible prórroga de dous anos.

43.797,49 + 43.797,49 = **87.594,98 €**

## 4. PREZO DO CONTRATO E A SÚA XUSTIFICACIÓN

Para a determinación do prezo do contrato analizaranse as diferentes fontes de obtención da información necesaria, acompañados das correspondentes táboas co fin de aclarar na maior medida posible, a súa orixe e a forma de obtención dos seus valores.

Ao tratarse da adquisición duns produtos cunhas características moi concretas e predefinidas a única fonte posible de obtención de valores adaptados á realidade é a realización de consultas aos diferentes axentes operadores do comprado. En ningún caso a obtención do custo do ben deberá xustificarse na análise das súas particularidades de fabricación, comercialización, etc.

Para o cálculo do prezo de licitación tívose en conta a repartición de custos como segue entre as distintas partidas que conforman o custo:

- Custo directo o 77 %
- Custo Indirecto 17 %
- Beneficio industrial o 6 %

No ficheiro adxunto ESTUDO ECONOMICO PRECIO DE CONTRATO.xlsx pódese ver a desagregación dos prezos nos diferentes conceptos que xunto cos consumos máximos previstos no PPT obtemos o prezo do contrato para UN ANO.

No caso de que as necesidades reais fosen superiores ás estimadas inicialmente, tramitarase a correspondente modificación para incrementar o orzamento máximo inicialmente aprobado, sen que isto supoña revisión ningunha do prezo unitario de adxudicación. A modificación tramitarase antes de que se esgote o orzamento máximo para cada exercicio orzamentario e sempre que exista crédito dispoñible para cubrir o importe das novas necesidades. Da modificación deberá darse audiencia ao adxudicatario para que no prazo de cinco días hábiles contados a partir do día seguinte ao da recepción

ASINADO POR: DIRECTOR DE RÉXIME INTERIOR - ZOO - ( FERNANDO CARBALLO VILLAR ) 06/07/2022 09:27:07 | CONCELLEIRA MEDIO AMBIENTE - ( NURIA RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ ) 06/07/2022 10:04:11

Documento asinado


Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

ASINADO POR: DIRECTOR DE RÉXIME INTERIOR - ZOO - ( FERNANDO CARBALLO VILLAR ) 06/07/2022 09:27:07 | CONCELLEIRA MEDIO AMBIENTE - ( NURIA RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ ) 06/07/2022 10:04:11

Documento asinado

da modificación, dispoña dos medios persoais, materiais e organizativos necesarios para prestar o servizo contratado.

## 5. REVISIÓN DE PREZOS

De conformidade co disposto no artigo 103 LCSP non procederá en ningún caso a revisión periódica e predeterminada de prezos, e por tanto non se aplicará ningunha fórmula de revisión.

## 6. FINANCIAMENTO DO CONTRATO

O cumprimento dos deberes económicos que se deriven para o Concello de Vigo do contrato, atenderanse con cargo ao crédito que, suficiente e adecuado, existirá nas partidas orzamentarias seguintes:

- 337.1.221.99.01 “ Ferramentas e outro material” : 12.000,00 €
- 172.1.221.99.00 “ Outras subministracións”: 8.500,00 €
- 311.0.221.99.00 “ Outras subministracións”: 5.997,48 €

Establece a Disposición Adicional Terceira da LCSP que a fiscalización exercida do contrato polo órgano interventor recaerá tamén sobre a valoración que se incorpore ao expediente sobre as repercusións do contrato no cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira que esixe o artigo 7.3 da O 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira.

## 7. FACTURACIÓN E FORMA DE PAGO

Co fin de axilizar a tramitación dos pagos, antes de emitir factura algunha, o adxudicatario remitirá unha pro-forma da factura, para que se proceda a cotexar a mesma. Unha vez validada o pro-forma, emitirase unha factura mensual, por meses vencidos, polo importe das subministracións efectivamente realizadas no período tendo en conta as seguintes indicacións:

a A factura, ademais de adecuarse a todos os requisitos legais para este tipo de documentos, detallará, como mínimo, os produtos facturados identificados polo código e descrición asignados no modelo de pedido, prezo unitario e número de unidades facturadas e centro de entrega.

b Como documentación adicional achegaranse o pedido e os albarás correspondentes ás subministracións facturadas, asinados e/ou selados polo Centro.

Este documento foi elaborado coa colaboración da empresa “INTO CONSULTING SL”.

Vigo, na data da sinatura electrónica

O DIRECTOR DE RÉXIME INTERIOR DE VIGOZOO.- Fernando Carballo Villar

A CONCELLEÍRA DE MEDIO AMBIENTE E VIDA SAÚDABLE.- Nuría Rodríguez Rodríguez

ASINADO POR: DIRECTOR DE RÉXIME INTERIOR - ZOO - ( FERNANDO CARBALLO VILLAR ) 06/07/2022 09:27:07 | CONCELLEIRA MEDIO AMBIENTE - ( NURIA RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ ) 06/07/2022 10:04:11

Documento asinado